



iProx
Iniciativa de
Proxectos Xornalísticos

Bases

IPROX. INICIATIVA DE PROXECTOS XORNALÍSTICOS CPXG – NOVAGALICIA BANCO

1. Obxecto

Con esta iniciativa, Novagaliciabanco e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, pretenden apoiar novos proxectos xornalísticos relacionados coa realidade socioeconómica de Galicia.

2. Condicións Xerais

- Os proxectos versarán sobre a realidade **socioeconómica de Galicia**. Terán que ser **inéditos** e non ter outro tipo de financiamento nin privado nin público.
- Poderán concorrer a esta convocatoria calquera **colexiado ou colexiada do CPXG e licenciados en Ciencias da Comunicación ou Xornalismo** que formalicen a súa inscrición de acordo co disposto no terceiro punto destas bases.
- Os traballos poderán ser presentados por unha ou varias persoas, sempre e cando cumpran o anterior requisito.
- Poderase presentar **reportaxe escrita, proxectos de radio, audiovisual ou fotográficos, ou relacionados coas novas tecnoloxías (web, redes sociais)**.

3. As Propostas

- Os proxectos terán que se presentar en tempo e forma segundo o punto 4.
- Soamente se poderá presentar unha proposta por persoa e/ou grupo.
- A presentación e selección dos proxectos terán dúas fases:
 1. Nunha primeira, presentarase o proxecto presentarase cunha pequena descrición e orzamento aproximado. O xurado fará unha selección desas primeiras propostas e seleccionará as propostas que considere para unha segunda fase.
 2. Na segunda parte os candidatos terán que describir o proxecto máis polo miúdo: memoria, orzamento detallado e cronograma de traballo



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



novagalicia
banco



iProx
Iniciativa de
Proxectos Xornalísticos

4. Prazo e condicións da solicitude das bolsas

- 4.1. O prazo de recepción de propostas rematará o **14 de xuño de 2013**.
- 4.2. A documentación presentada para a primeira fase constará de datos da solicitude, descrición e orzamento (Anexo I e II). Así como unha breve descrición do curriculum dos autores.
- 4.3. As propoostas seleccionadas polo xurado na segunda fase terán que presentar:
 - memoria e cronoloxía (Anexo III)
 - orzamento (Anexo IV)
 - declaración xurada de non ter recibido nin ter pendente de percibir subvención ningunha para o proxecto (segundo modelo anexo)
 - fotocopia do DNI e currículo do autor ou autores
- 4.4. A documentación enviarase a: Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, San Pedro de Mezonzo, 36, 1º, 15701 Santiago de Compostela por vía postal ou en persoa. Tamén se poderá facer chegar por correo electrónico a xornalistas@xornalistas.com.
- 4.5. Serán aceptadas só as propostas que entren dentro do prazo de recepción.

5. Xurado

- A organización designará un xurado multidisciplinar que decidirá cales son os proxectos seleccionados. Un secretario levantará acta das reunións do xurado.
- O xurado poderá facer, se así o estima oportuno, unha preselección e solicitar máis información ou concrecións sobre os proxectos presentados.
- O fallo do xurado darase a coñecer na **primeira quincena de xullo**.
- A participación nesta convocatoria implica a autorización ao CPXG e a Novagaliciabanco para a utilización do material na difusión das bolsas.
- O CPXG e Novagaliciabanco resérvanse o dereito a publicar a relación das obras seleccionadas, a información correspondente ás mesmas e o nome e apelido dos seus autores por calquera medio que estimen conveniente.
- Os traballos quedarán depositados na organización.
- A decisión do xurado será inapelábel.



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA



novagalicia
banco



6. Cuantía

- O Xurado determinará cal é o proxecto ou proxectos elixidos. A cada un deles se lle asignará unha cuantía de non menos de 1.000 euros e un máximo de 6.000. En calquera caso, a suma total das bolsas non poderá pasar de 6.000 euros. A bolsa non poderá ser declarada deserta.
- Dacordo coa normativa vixente, a entrega das citadas bolsas constitúen un rendemento suxeito ao imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF), do seu perceptor ou perceptores, sometido á correspondente obriga de retención a conta de dito imposto por parte do pagador.

7. Os proxectos patrocinados

7.1. Os proxectos seleccionados materializaranse coas seguintes condicións:

- Os proxectos teñen que ser realizados antes do **25 de novembro de 2013**. Este prazo poderá ampliarse previa solicitude xustificada e aprobación do xurado.
- Nese prazo, os autores dos proxectos, presentarán á organización os traballos rematados así como unha memoria explicativa do proceso de produción e/ou realización dos mesmos.

7.2. Pagamento

- O abono da bolsa realizarase en dúas fases.
- O 50% no momento de ser concedida.
- O 50% á entrega do proxecto rematado.

7.3. Seguemento

- O autor/es comprométense a completar os proxectos no prazo previsto e de non ser así, e de non ter solicitada ampliación do prazo, terán que devolver á organización as cantidades xa percibidas.
- A organización resérvase o dereito de convocar ao autor/es para que presenten un informe de estado dos proxectos en calquera momento.
- Para a liberación do segundo prazo da bolsa, os autores deberán entregar a correspondente xustificación dos gastos do proxecto a través das facturas, recibos e/ou xustificantes correspondentes. O non cumprimento desta condición pode derivar na modificación das cantidades a percibir (minoracións) ou da non liberación do pagamento.

7.4. As pezas seleccionadas serán:

- Publicadas na web da organización.
- Divulgadas como estime oportuno o xurado.
- Cedidas aos medios, previa solicitude á organización e comunicación ao gañador.
- Publicadas ou divulgadas en medios propostos polo gañador, previa comunicación á organización





iProx
Iniciativa de
Proxectos Xornalísticos

7.5. O xurado resérvase o dereito a rexeitar calquera proxecto que non se axuste ao redactado na solicitude do mesmo.

8. Outras normas

- Os organizadores nomearán unha comisión específica para a organización desta convocatoria, que tomará as decisións pertinentes durante o proceso, e non admitirá recurso ningún.
- A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases, que serán depositadas ante notario.
- Non serán admitidas as propostas que non cumpran os anteriores requisitos.
- A documentación presentada non será devolta nin se manterá correspondencia sobre ela.
- Todas as cuestións que non figuren explicitamente recollidas nestas bases serán resoltas polo xurado ou a comisión organizadora.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



novagalicia
banco



iProx
Iniciativa de
Proxectos Xornalísticos

POSIBLE CALENDARIO

Presentación de iPROX: 2ª semana de abril.

Prazos de presentación de solicitudes: Dende a súa presentación ata o 30 de maio de 2013.

Envío do material ao xurado: 3 ou 4 de xuño de 2013.

Xuntanza do xurado para elixir aos gañadores e fallo: 2ª quincena de xuño.

Fallo do xurado: 1ª quincena de sullo

Realización do proxecto gañador: Antes do 25 de novembro de 2013.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



novagalicia
banco



iProx
Iniciativa de
Proxectos Xornalísticos

ANEXO I

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

A cubrir pola organización

Nº:

NOME DO PROXECTO	
<input type="text"/>	

AUTOR /ES	
Autor-a / Representante do Colectivo	<input type="text"/>
Resto de membros do grupo	<input type="text"/>

DATOS DE CONTACTO	
Teléfono / Móbil	<input type="text"/>
Correo electrónico	<input type="text"/>
Enderezo Postal	<input type="text"/>

TIPO DE PROXECTO	
<input type="checkbox"/> Prensa escrita	<input type="checkbox"/> Radio
<input type="checkbox"/> Audiovisual	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Fotográfico	<input type="checkbox"/> Web
<input type="checkbox"/> Redes Sociais	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Outros (especificar): _____	

A participación na presente convocatoria implica a aceptación das bases do proxecto

_____, ____ de _____ de 201__

Sinatura autor-a / Representante



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



novagalicia
banco



iProx
Iniciativa de
Proxectos Xornalísticos

ANEXO II

O PROXECTO

BREVE DESCRICIÓN

SOBRE OS AUTORES

ORZAMENTO

_____ de _____ de 201_

Sinatura autor-a / Representante



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



novagalicia
banco



iProx
Iniciativa de
Proxectos Xornalísticos

ANEXO III

MEMORIA E CRONOLOXÍA

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

Empty space for the explanatory memory of the project.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



novagalicia
banco



iProx
Iniciativa de
Proxectos Xornalísticos

CRONOLOXÍA DE TRABALLO

Empty space for the work chronology.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



novagalicia
banco



iProx
Iniciativa de
Proxectos Xornalísticos

**DECLARACIÓN DE NON TER CONCEDIDA, NIN SOLICITADA, NINGUNHA
OUTRA AXUDA PÚBLICA OU PRIVADA**

Autor-a / Representante do Colectivo:

co **DNI** _____

declara non ter recibido nin pendente de recibir ningunha outra subvención ou axuda de entidade privada ou pública para o proxecto presentado.

Santiago de Compostela, _ _ _ de _ _ _ _ _ de 201_ _

Asdo.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



novagalicia
banco